

Manolo Rodríguez López

Texto da intervención de Xulio Xiz na Casa de Galicia en Madrid con motivo da inauguración da exposición "Manuel Rodríguez López: Emigrante Galego, Poeta Obreiro".

Teño a difícil tarefa de explicar brevemente quen foi Manuel Rodríguez López, o meu amigo, o marido de Irene, o pai de Santi e Enrique, ao que vinte e cinco anos despois da súa morte recordamos como vivo entre nós.

Naceu en Paradela, concello lucense encravado no Camiño de Santiago; aos seis anos emigra coa súa familia a Barcelona; estuda no Seminario primeiro e de forma autodidacta despois. E convértese, galego en Cataluña, no máis importante poeta obreiro galego do século XX, e vínculo permanente entre os galegos de Galicia e os que exercían de galegos en Cataluña.

Sabe dos traballos duros do obreiro, do rigor da emigración, da querenza infinita pola terra natal, da traxedia do paro; vive os seus últimos anos en Lugo, e morre con cincuenta e cinco anos hai agora un cuarto de século.

A súa voz poética chegábanos nos seus libros, nas súas palabras, nas cancións de Alfredo González Vilela ou de Suso Vaamonde, nas súas cartas, na súa querenza absoluta pola terra, na súa entrega á familia, a Galicia, aos seus amigos... En Galicia falamos dos "bos e xenerosos" para referirnos aos galegos excepcionais. Manolo foi un "bo e xeneroso", excelente Señor.

Nos paneis veredes a vida e a obra dun home bo, que escribía porque llo pedía a alma, capaz de conmoernos con algo que un non avisado pode pensar que é unha canción infantil:

**Que ten o meniño
que sen parar chora
coas maos na cariña,
de pé xunto á porta?**

**Pegoulle algún neno
pra quitarlle as bólas?
Quizais lle mordeu
o can a pelota?**

**Que ten o meniño
que sen parar chora?**

**Cediño, moi cedo,
na cara bicouna
pero a mai, calada
non daba resposta.**

**Seus ollos pechados,
sen coor a boca,
as meixelas brancas,
frías como a lousa.**

**O neno, moi cedo,
na cara bicouna;
a mai, dormidiña,
non daba resposta.**

Manolo escribiu poemas que son documentos con valor notarial sobre a emigración, os obreiros, as empresas, a vida dos anos sesenta e setenta. Os seus traballos en prosa

reflicten especialmente as súas experiencias galegas, as súas viaxes, o seu reencontro coa terra, o seu amor irrefreable por aquela Fisterra onde deixara o seu corazón.

E os seus traballos xornalísticos, crónica diaria de todo o galego que acontecía en Cataluña se publicaron nos máis importantes diarios de Galicia, e logo en libro - GALEGOS EN CATALUNYA, I e II- para que quedase constancia dun tempo e unhas xentes que fixeron historia.

Non se pode reflectir en dezaseis paneis unha vida plena -curta pero repleta de amor e devocións - por moito que se detallen a súa vida e as súas obras. E non vou insistir máis no seu labor como escritor e si lervos outro poema que reflicte a monotonía do que traballa de sol a sol, sen esperanza:

OS DÍAS DA SEMANA

Lus: Abrinte comenzo, suma e sigue,
principio dunha nova etapa
no decorrer monótono
de ensoñadas espranzas.

Martes: Estrada longa e costaneira ,
chea de lama,
sempre a rubir
cara á meta lonxana.

Mércores: Parte o peito
nas fresas, nos taadros ou na fragua!
Gaña o pan! O traballo dignifica,
enxendra forza e rexenera a alma!

Xoves: De sol a sol cumpriches
coa túa carga;
cada quen terma
da súa canga!

Vernes: A mala estrela
abúrate onde quer que vaias
as inxusticias
son lousas que esmagan.

Sábado: Cobro mínimo. Non seña
que te arrepoñas. A soldada

**ha ser xusta. A cubiza
o espírito emporcalla.**

**Domingo: Día santo. Prega os xionllos!
ergue unha oración de grazas;
que tes saúde e tes traballo,
respiras, ollas, soñas... Non che basta?**

A mellor herdanza de Manolo, ademais da súa obra, é a súa familia. Vinte e cinco anos despois da súa morte física, a súa casa é un altar a Manolo; viúva e fillos viven por Manolo. E as que agora vos vou dicir son palabras da familia -de Irene, a súa viúva; de Enrique, o seu fillo maior, dende Lugo; de Santi, o seu fillo menor, destacado profesor de Xenética na Universidade de Bristol no Reino Unido- que me piden diga que senten orgullo de que a vida e obra do noso poeta obreiro, emigrante galego e fillo predilecto de Paradela se dea a coñecer nesta casa dos galegos en Madrid, que tan xenerosamente se abre para esta exposición.

Manolo foi un emigrante galego cuxos poemas son quizás a maior contribución á nosa literatura, foi narrador, cronista, tradutor, autor teatral, conferenciante e activista cultural, pero sobre todo foi marido e pai exemplar, e en boca dos que o coñeceron, amigo fiel, home bo e xeneroso. O seu legado de poesías, narracións, crónicas, traducións, audios e vídeos, está accesible na súa páxina web, importante polo contido e polo deseño, páxina que a familia destaca ter sido deseñada e confeccionada por Antonio Giz e eu engado que non sería posible sen a dedicación, o esforzo, o coñecemento, e o amor que o seu fillo Santiago puxo tamén nela. Esa páxina achéganos con fidelidade á obra de Manolo Rodríguez, e estimula e posibilita afondar no que foi e representa este fillo predilecto de Paradela.

No nome da familia quero facer constar de forma especial o seu agradecemento ao Concello de Paradela, na persoa do seu Alcalde, José Manuel Mato; á Deputación Provincial de Lugo, en especial ao seu Deputado de Cultura, Mario Outeiro; á Real Academia Galega, especialmente ao seu presidente, Xesús Alonso Montero (amigo de Manolo e presentador da súa Antoloxía); e á Xunta de Galicia, e dentro dela á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e nela aos secretarios xerais de Cultura, Anxo Lorenzo, e de Política Lingüística, Valentín García Gómez. E a todos os presentes pola súa presenza neste acto.

Días pasados celebramos cos nenos do Colexio de Paradela, os 25 anos da súa morte, e fomos a visitalo ao Panteón de Paradelenses Ilustres onde está enterrado como o quería: Na súa terra, e coa súa cabeza mirando cara a O Páramo, lugar de onde procede Irene, a súa muller.

25 anos despois, Manolo segue vivo entre nós pola súa obra, pola súa calidade humana, porque é Fillo Predilecto do Concello de Paradela, porque a Casa de Cultura de Paradela leva o seu nome, e polo Certame literario Manuel Oreste Rodríguez que o Concello promove -parabén e grazas, Alcalde- e no que xa imos na XX edición.

E non vou ser eu quen agora se despida, senón que é Manolo quen o fai cun poema titulado "Vestida de aldraxe", que cantou o gran Suso Vaamonde, como Manolo, agora, na eternidade.

**Vestida de aldraxe e mouras cubizas,
de inxusticia arreo e eternas perguizas,
preñada de roubos, chea de ruindade,
afógame a bosta desta sociedade.**

**Os sete pecados a mallar nos servos,
alancan de cote fonchos e soberbos
e trunfa a luxuria e medra o ladrón
e campa o usureiro e vive o lambón.**

**Prós nosos meniños agroman, coitados,
futuros de bágoas con fel mesturados:
Ni'escolas ni'industrias, nin cencia ni'abeiro...
Un corgo lles queda: Fuxir ó estranxeiro!**

**E aínda hai poetas que cantan as frores
e falan de meles e ensoñan amores
e alaudan e gaban e baten as maos
e din, a porfía, que somos irmaos.**